- 13.5. O non presentar un animal para someterlo ao Scanner da ubre ou o negarse a que se lle realice a devandita proba, dará lugar a súa descalificación e a perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ao seguinte animal clasificado.

14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

- 14.1. A presentación do gando en pista, cantas veces sexan necesarias para a súa calificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal ao seu cargo.
- 14.2. Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con CAMISA E PANTALÓN BRANCOS.
- 14.3. Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descualificados.
- 14.4. Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.
- 14.5. Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por riguroso orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuito durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cantos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

16. DISPOSICIÓNS FINAIS

- 16.1. En caso de que, nalgunha sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior ou posterior.
- 16.2. As decisións do Xuíz serán inapelables, polo tanto a participación nos certames supón acatalas respetuosamente.
- 16.3. A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar na interpretación do mesmo.
- 16.4. A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

Seccións do concurso

SEC. 1: BECERRAS DE 4 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Outubro de 2008 ó 28 de Xaneiro de 2009.

SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2008 ó 31 de Setembro de 2008.

SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Abril de 2008 e o 31 de Xuño de 2008.

SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro de 2008 e o 30 de Marzo de 2008.

SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Outubro de 2007 e o 31 de Decembro de 2008.

SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Xullo e o 31 de Setembro de 2007.

SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Marzo e o 31 de Xuño de 2007.

SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de "BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de "XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a BECERRA CAMPIONA (8) e A XOVENCA CAMPIONA (9). Outorgarase o premio único de "XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 11: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Decembro do 2006 inclusive.

SEC. 12: VACA XOVEN LACTACION DE 31 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño e o 30 de Novembro de 2006.

SEC. 13: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2005 e o 31 de Maio de 2006.

SEC. 14: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2004 e o 31 de Maio de 2005.

SEC. 15: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2003 e o 31 de Maio de 2004.

SEC. 16: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Xuño de 2003.

SEC. 17: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 11ª e 12ª. Concederanse os títulos de "VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 18: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de "VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 19: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de "VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 20: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 17ª, 18ª e 19ª. Outorgaranse os títulos de "VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONOR 'FEFRIGA 2009'".

SEC. 21: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de "MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA 'FEFRIGA 2009'".



'09

para todos os públicos

do 11 ao 14 de Xuño 2009



www.semanaverde.es



www.feiragalicia.com

División e sexaxe de embrions Novas oportunidades



Por Daniel Martínez Bello
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

Ó longo dos últimos anos asistimos a un rápido desenvolvemento das técnicas de reprodución, as cales van acadando maior repercusión no campo a medida que se van logrando avances que fan o seu uso máis doado, melloran os resultados e abarátanse

os custos da súa aplicación. Este pode ser o caso do diagnóstico do sexo do embrión, onde unha nova técnica de recente aparición ofrece vantaxes de portabilidade, rapidez e maior posibilidade de aplicación directamente nas ganderías.

Dende as primeiras experiencias que realizamos en Transferencia Embrionaria a pregunta que sen dúbida escoitamos máis veces é, a de se podemos diferenciar e escoller os machos das femias. É unha cuestión pola que todos os gandeiros cos que traballamos, ten mostrado curiosidade nun momento ou outro. Ata agora tratábase dunha técnica inaccesible especialmente polo custo dos equipamentos necesarios así como pola complexidade e o tempo necesario para realizar cada determinación, ademais dunha merma da fertilidade.

A situación hoxe é algo diferente. En primeiro lugar o uso dos embrións está moi consolidado nas ganderías de Galicia, téñase en conta que durante este ano esperamos o nacemento dunha femia de embrión ao

día, e paralelamente ós avances na técnica fixérona algo máis asequible tanto polo custo dos materiais como no tempo que se necesita para cada sexaxe. En Novembro pasado publicábase un novo método de diagnóstico do sexo do embrión en gando vacuno en Estados Unidos, e tivemos a oportunidade de coñecer o celo da man dos seus creadores.

O primeiro paso necesita inevitablemente da MICROMANIPULACIÓN DO EMBRIÓN: a partir de ahí podemos dividir un embrión en dous ou obter un pedazo (biopsia) que é o que despois se analizará para diagnosticar o sexo ou outras cualidades dos xenos que busquemos (diagnóstico preimplantacional). Os aparellos que se empregan son múltiples, dende os máis rudimentarios e básicos ata complexos e sofisticados

e de alto custo. Existe unha opción moi práctica, máis económica, e de posible uso a nivel de campo. Esta máquina é o Twiner system, (o xemelador).

Foi deseñado inicialmente para dividir o embrión en dúas metades idénticas, e consiste nun microscopio invertido cun micromanipulador mecánico de tres eixos, cada un co seu motor, que se controlan dende un mando tipo "joystick", movendo unha pequena coitela colocada no soporte do micromanipulador. Deste xeito pode controlarse o movemento da coitela en tódalas direccións con absoluta precisión.

Para conseguir cortar o embrión primeiro temos que inmovilizalo nun medio especial que fai que se pegue ao fondo e inmediatamente procédese a cortalo. Para retiralo hai que engadir outra sustancia que o despega (Retrieval Medium), para pasalos finalmente ó medio convencional de onde deben ser transferidos o antes posible na receptora ou receptoras: independentemente cada metade nunha receptora ou cada metade nunha xovenca diferente. Saen animais IDÉNTICOS, do mesmo sexo, sen ningún risco de freemartinismo, aínda que poden ter algunha diferenza pequena na capa (na distribución das manchas) debido a efectos epixenéticos, pero basicamente son idénticos e capaces de transmitir as mesmas características á súa descendencia. **As metades de embrión só poden transferirse en fresco e acadan o 50-55% de preñez o cal se traduce**



Daniel Martínez con John Hasler, un dos pioneiros da transferencia embrionaria, que fixo de instructor en micromanipulación e sexaxe por PCR no centro de Bioniche en Pullman, Washington, USA.



Instalacións de BIOTECH-Minitub of América, en Verona Wisconsin, onde se desenrolou o kit de sexaxe embrionaria para fluorescencia "Sex-y kit"

nun aumento do nº de crías que pode chegar ata o 40%, nacendo en ocasións máis animais que embrións de partida, e como mínimo podemos contar co mesmo nº de crías que embrións tiñamos ao principio. **A maior aplicación desta técnica dase no caso de vacas que producen baixo nº de embrións cada vez:** só 1 ou 2, e tendo ese día máis receptoras dispoñibles, ou ben, vacas con producións moderadas de en torno a 6 embrións, no caso de vender por exemplo 4 e intentar sacarles o máximo partido os 2 que gardemos para nós.

A SEGUINTE POSIBILIDADE da micromanipulación, é obter unha porción de células que chamamos BIOPSIA.

Hai datos publicados xa dende o ano 2000 de uso rutinario de sexaxe mediante biopsia de embrións. É un método relativamente recente pero xa suficientemente contrastado. Causa unha agresión ao embrión que reduce a súa viabilidade pero o resultado en preñeces é moi satisfactorio. Para obter un éxito importante hai que respectar dúas premisas fundamentais: utilizar exclusivamente embrións de 1ª calidade, e reducir ao máximo o tempo de manipulación do embrión: despois de cortalo debe ser transferido rapidamente (mellor antes de 1 hora), e moi especialmente no caso de


conxelalo en que debe facerse de xeito inmediato. Según datos facilitados por John Hasler, os embrións bipsiados (sexados) fronte a intactos perden entre o 8 e o 10% de fertilidade cando se transfiren axiña e en fresco.

No caso da conxelación en EG, que é a que utilizamos de rutina xa que permite a desconxelación e transferencia directa, debemos contar cun 15% de redución da fertilidade se ben traballando en boas condicións e reservando as mellores receptoras para estes embrións Roger Holtby, de Canadá ten publicados datos nos que mostra un 53% de preñez de embrións sexados conxelados, transferidos en xovencas.

En calquera caso, unha vez obtida a biopsia hai que analízala e aquí empeza outro capítulo desta técnica. Todas as células conteñen ADN, e ata agora o que se facía era analízalo mediante PCR. Isto necesita unha cantidade importante de equipos de laboratorio de gran precisión, de delicado mantemento, moi custosos, cun material funxible tamén custoso e de difícil manexo porque se conserva conxelado, etc. Necesita unha habitación ou local adicado exclusivamente a este fin para reducir o risco de contaminacións con ADN bovino distinto ó da mostra que queremos analizar. O proceso tarda de 3 a 5 horas, e é




Micromanipulador Twinner System




Detalle da coitela do micromanipulador. Con esta peza podemos dividir o embrión en dúas partes iguais ou obter unha porción de células que serve como biopsia para realizar análises.


División e sexaxe de embrións



Manexo do micromanipulador. Usando o joystick móvese a coitela (na pantalla) ata encima do embrión e procédese ó seu corte.



Detalle do corte dun embrión en dúas metades (splitting)



Detalle da obtención da biopsia. A porción de células separadas do embrión recóllese con micropipetas e procésase de diferentes modos segundo o tipo de análise ao que se vai someter.


imposible realizalo nas explotacións coas suficientes garantías. Un dos países onde máis se usa é Canadá e a rutina establecida é obter a mostra na granxa, procesala de regreso na clínica veterinaria e ó día seguinte ofrecer os resultados e administrar PG ás receptoras portadoras de embrión macho. E todo tendo en conta fiabilidades do 90 o 95% como máximo. Estas características fixeron que mantivésemos esta tecnoloxía fóra dos nosos servizos.

A novidade na detección do sexo foi a recente presentación comercial dun kit rápido e relativamente sinxelo, que evita por completo o uso da PCR. Investigadores de Biotech (Minitub of América) desenvolveron un marcador do cromosoma Y dos machos que pode verse directamente usando un microscopio con fluorescencia. Está dispoñible en envases de tipo kit rápido con presentación para 10 mostras por caixa. Todos os pasos suman menos de 1 hora, e parécenos perfectamente factible a nivel de campo podendo coñecer o sexo do embrión antes de transferilo ou conxelalo. O diagnóstico mediante observación necesita un certo entreno e leva de 2 a 5 minutos por mostra. Se a biopsia contén de 6 a 10 células a fiabilidade podería considerarse óptima.

Unha vez que dispoñamos da tecnoloxía necesaria temos aínda que decidir se nos convén ou non facelo e en que casos. **As vantaxes están claras: librámonos dos machos non desexados, aproveitamos mellor as receptoras, e logramos conseguir mais femias por ano.** Estes atractivos poden ocultar os inconvenientes e tamén é preciso coñecelos para dirixir ben o seu uso xa que se dá unha redución leve da fertilidade que permite traballar pero representa unha merma co seu custo. Por este motivo aínda que aparentemente nacerán mais femias, de xeito global, dende o punto de vista dun programa, serán menos. Os embrións biopsiados (sexados), debido a ruptura da Zona Pelúcida, non son aptos para comercio inter-

RESULTADOS

Imaxes despois da tinción de células embrionarias bovinas co KIT SEX-Y




Células embrionarias macho co núcleo marcado con SEX-Y™



Núcleo de células con DNA marcado con tinción DAPI



Células embrionarias femia sin reacción específica al SEX-Y™



Núcleo de células con DNA marcado con tinción DAPI

Comparación das imaxes de fluorescencia das mostras macho e femia. Cada mostra mírase co filtro azul para comprobar a correcta tinción do ADN. Co filtro vermello aprecianse puntos brillantes correspondentes o cromosoma Y só presentes nos machos. Este método diagnóstico precisa dun observador experimentado e cada mostra hai que observala durante 2 minutos como mínimo.

nacional nin intracomunitario. Lóxicamente incrementa algo o custo de produción en canto a que precisa materiais específicos e un tempo importante de preparativos e execución. Ao eliminar os machos reducimos os embrións dispoñibles e mesmo pode conducir a situacións de gasto sen froito, igual que cando se superovula unha vaca e non dá embrións, neste caso teremos tamén as que se tratan e non dan femias. En realidade estes casos xa se dan e simplemente tardamos moito mais tempo en sabelo.

Por todo isto consideramos que o sexaxe de embrións ten un espazo moi concreto para usar nunhas condicións moi determinadas. **O uso preferente desta tecnoloxía está indicado para explotacións con experiencia en T.E. e resultados aceptables, só en vacas ou cruces que os**

machos non teñan posibilidade de ser aceptados nun centro de inseminación e ademais producen moitos embrións cada vez (máis de 10 ou 12) e especialmente no caso de que escaseen as receptoras, o cal é frecuente. Apoian esta tese os datos de Canadá onde recollen a actividade de sexaxe e splitting dende o ano 2000. Os últimos datos dispoñibles son de 2007 no que 2.500 embrións foron transferidos xa sexados, o dobre frescos que conxelados. Son cifras importantes que se manteñen durante os últimos anos pero que representan só o 3,5 % da produción de embrións canadenses, é dicir, que é algo que se fai pero nunha medida moi concreta. E o mesmo podemos dicir respecto a división dos embrións: é unha práctica en vigor, que se usa, pero que en Canadá representa o 1,5% da produción.

Na U.T.E de BOS actualmente estamos traballando cos técnicos da casa Olympus e Minitub na construción dun microscopio que incorpore nun mesmo equipo o micromanipulador de Bioniche (Twiner) xunto coa luz de fluorescencia necesaria para o diagnóstico combinado coa óptica adecuada, xa que este equipo non existe con esa configuración comercial nin hai referencia do seu uso noutros lugares. A intención é instalar ese aparato no laboratorio MOBIL (furgoneta) de Bos, e ofrecer estas técnicas de división e sexaxe para os embrións producidos nas ganderías no servizo ambulante dado que o maior aproveitamento destas técnicas implica o seu uso en fresco, e isto é algo que só se pode facer rutinariamente nas propias explotacións. Tamén é neste ámbito onde se dá a maior produción de embrións orientada a obter exclusivamente femias. Por outra banda, a limitación da comercialización dos embrións biopsiados, restrinxe o seu uso para a gandería onde son producidos.

Libro xenealóxico

1.- Ganaderías de alta no Libro Xenealóxico

Os requisitos que deben cumprir as explotacións para ser inscritas e manterse de alta no Rexistro Xenealóxico son:

- Inscribir no Libro Xenealóxico a TODOS os seus animais.
- Manter, salvo casos de forza maior, uns efectivos gandeiros de, polo menos, dezasete reproductoras (femias de máis de 2 anos).
- Realizar o Control Leiteiro Oficial á totalidade das reproductoras e cumprir cos requisitos esixibles ás explotacións que se adhiren ó Control Leiteiro (R.D. 368/2005 de 8 de Abril).

2.- Inscripción de animais

2.1.- Prazo de Rexistro.

- A Declaración de Nacementos deberá ter entrada na oficina de rexistro dentro dos tres meses posteriores ó do nacemento do animal.
- Ós animais que superen esta idade, -e sempre que no momento da súa inscrición sexan menores de doce meses- poderán-selles esixir probas de paternidade (con cargo ó propietario) ou outras medidas encamiñadas a fomentar a pureza racial e a dilixencia no rexistro.
- A proba de paternidade e/ou maternidade será obrigatoria para inscribir no rexistro principal ou Auxiliar B animais con xenealoxía coñecida que superen os doce meses de idade.

2.2.- Animais procedentes de Transferencia Embrionaria.

Para rexistrar animais procedentes de Transplante Embrionario é necesario remitir á oficina de Rexistro, a seguinte documentación:

- **Probas de Filiación** da Doante (se non foran remitidas con anterioridade).
- **Certificado da recolleita** no que consten tódolos datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- **Certificado de Transplante** no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.
- **Declaración de Nacemento** do animal debidamente cumprimentada, facendo constar que procede de Transplante Embrionario así como o C.I.B. da receptora.

2.3.- Rexistro de machos.

Dende o 1 de Xaneiro de 2007 é preceptivo realizar probas de filiación (nai e pai) a tódolos machos que se rexistren para ser utilizados como sementais. O incumplir esta norma, suporá que toda a descendencia de ditos sementais, sexa inscrita no Rexistro Auxiliar A.

Co obxecto de poder dar cumprimento a esta obriga e ó mesmo tempo, respetar os prazos de Rexistro que marca o Regulamento do Libro procederase como segue:

- Cubrir e remitir a oficina de Rexistro a declaración de nacemento do becerro.

- Dende Fefriga emitírase e enviárase o Certificado de Rexistro no que figurará a seguinte nota:

REXISTRO PROVISIONAL

Pendente de probas de filiación

- Antes de que o xato empece a cubrir, o seu propietario deberá realizar as probas de filiación (pai e nai) e ter remitido o certificado de compatibilidade (orixinal) que emite o Laboratorio xunto co certificado de Rexistro (provisional) a Fefriga, quen, cos mesmos, procederá a dar a Alta definitiva ó animal e emitirá, -sen coste para o gandeiro,- un novo Certificado de Rexistro (o definitivo).

3.- Calificación

- A calificación é obrigatoria para todos os exemplares incluídos nos Rexistros Auxiliares B e Rexistro Principal cando acaden a idade regulamentaria.
- Para que poida someterse a calificación una femia será necesario que parira polo menos unha vez, e a categoría de "Excelente" só se lle poderá outorgar a partir do terceiro parto. Poderá ser unha vaca 2EX, 3EX, 4EX, etc., cando a partir da última vez que foi Excelente, parira tantas veces como expresa a cifra e en cada novo parto se calificara tamén Excelente, en período de lactación.
- Os machos calificaranse a partir dos catorce meses de idade, non podendo concederlles a categoría de "Excelente" antes de ter cumpridos os dous anos e medio de idade.
- A calificación morfolóxica dos animais realízase mediante rondas oficiais e periódicas, establecidas previamente pola Entidade Recoñecida.
- As recalificacións a petición de parte, deberán ser atendidas dentro do prazo de dous meses, contados a partir da data de recepción da solicitude do gandeiro. Non poderán recalificarse reproductoras dentro do mesmo parto.

- Establécese como norma, calificar tódalas reproductoras no primeiro parto. Se non fora posible por causa de forza maior, realízase no parto inmediatamente seguinte.

4.- Probas de filiación

A fin de dar maior fiabilidade ó Libro Xenealóxico e Avaliacións Xenéticas, realízanse probas de paternidade aleatorias e dirixidas.

PROBAS ALEATORIAS

- Anualmente e tendo en conta o número de animais rexistrados en cada Autonomía, procederase á realización da proba de paternidade sobre un determinado número de animais elexidos ó azar.
- O custo das probas máis os gastos de extracción dos animais positivos será por conta de Conafe, mentres que os dos animais que resulten negativos serán por conta do seu propietario.
- En tódolos casos (probas aleatorias ou dirixidas) os animais que resulten negativos serán reclasificados no Rexistro Auxiliar Categoría "A", eliminarase da base de datos a súa xenealoxía e méritos xenéticos, e a súa descendencia será reclasificada no rexistro que, en cada caso, corresponda.

PROBAS DIRIXIDAS

- En función da negatividade rexistrada en anos anteriores ou outras causas que así o aconsellen (falta de dilixencia no rexistro, discrepancia entre datos de inseminación e parto, etc,...), realízanse mostras significativas (en base ó número de animais) en diversas explotacións.
- A oposición por parte do gandeiro a realizar probas de filiación, a repetición de resultados negativos, o fraude, falta de rigor na información, a falta de colaboración, serán motivos para iniciar un expediente sancionador que pudiera incluso chegar á expulsión do Libro Xenealóxico.

Actuación coas ganderías con resultados negativos.

- Ás ganderías con resultados negativos seranlles repercutidos os custos das análises negativas e as de reclasificación dos animais.
- No mostreo dirixido do segundo e terceiro ano, as probas de filiación con resultados negativos pagaraos o gandeiro a un custo maior que o da tarifa, según aprobe a Xunta de Goberno cada ano, co fin de compensar os gastos de análises das mostras con resultados positivos do mesmo mostreo.
- Para o cálculo dos resultados de negatividade da gandería no mostreo dirixido, contabilizaranse tanto as probas negativas correspondentes ó mostreo dirixido como ós correspondentes ó mostreo aleatorio, se se realizaron ambos mostreos na gandería no mesmo exercicio.
- A forma de actuar sobre as ganderías con resultados negativos no mostreo dirixido será a seguinte:

Primeiro ano

se a negatividade se sitúa en :

- Menos do 15%: actuarase como nas probas aleatorias.
- Entre o 15 e o 30%: ademais das medidas comúns para animais negativos, a explotación será incluída no mostreo do ano seguinte e analizaranse entre o 30 e o 50% dos animais.
- Maior do 30%: a gandería será incluída no chequeo do ano seguinte sendo analizados tódolos animais do rabaño.

Segundo ano

- Se a negatividade é menor ó 15%: actuarase como nas probas aleatorias.
- Entre o 15 e o 30% a gandería será incluída nas probas do ano seguinte e realiza-

ranse probas a tódolos animais menores de 36 meses.

- Maior do 30%: inclusión da gandería nas probas do ano seguinte. Análise de tódolos animais do rabaño ou, a petición do gandeiro, reclasificación de tódolos animais que non teñan proba no Rexistro Auxiliar "A".

Terceiro ano

- Se a negatividade é inferior ó 15%: actuarase como nas probas aleatorias.
- Entre o 15 e 30%: advertencia de expulsión do Libro. Posibilidade, a petición do gandeiro, de reclasificar tódolos animais, que non teñan proba no Rexistro Auxiliar "A".
- maior do 30%: Expulsión do Libro Xenealóxico e reclasificación de tódolos animais no Rexistro Auxiliar "A".

XEMELGOS: No caso de animais procedentes de parto xemelgo, as probas de filiación deben de realizarse a partir de tecido ou pelo, xa que, nalgúns casos, a proba a partir do sangue, pode presentar resultados inexactos ou distorsionados.

5.- Tramitación de documentación.

Os documentos e solicitudes que se presenten para a inscrición de animais no rexistro, fusión de explotacións, as transferencias de animais, a actualización de censos, as modificacións de conta e/ou de domicilio social, etc. deberán **obrigatoriamente**, estar asinados polo solicitante. Igualmente, deberá estar cumprimentada **a data** en que se realiza a solicitude.

As Declaracións de Nacementos deberán ser remitidas debidamente cumprimentadas sen tachaduras nen roturas. A falta do nome ou número de rexistro ou C.I.B., dalgún dos pais, ou calqueira outro dato, dará lugar á devolución da documentación.

XV Concurso Frisón Feiradeza 2009

Lalin, Pontevedra, 20 e 21 de marzo

Xuíz: D. Quim Sabriá (Xuíz Nacional de Conafe); Animais participantes: 125; Ganderías participantes: 34

Xatas ata 8 meses

1ª) G. Pereira Dolman Dalia (Granja Pereira - Forcarei)

Xata Subcampiona FEIRADEZA

Xatas de 8 a 10 meses

1ª) Blanco H Carisma Carismatica (Blanco - Lalin)

XATA CAMPIONA e XOVENCA GRAN CAMPIONA FEIRADEZA

Xatas de 11 a 13 meses

1ª) Bos Blanco H Airraid Tara (Blanco - Lalin)

Xovencas de 14 a 17 meses

1ª) Fraga Goldwyn Linda (Fraga - Lalin)

Xovencas de 18 a 21 meses

1ª) Tasil Roy Brisa (Silva - Dozón)

Xovenca Subcampiona FEIRADEZA

Xovencas de 22 a 28 meses

1ª) Blanca Goldwyn Rua (Argelina - Forcarei)

XOVENCA CAMPIONA FEIRADEZA

Vacas en lactación ata 30 meses

1ª) Kinteiro Goldwyn Afrodita (Kinteiro - Lalin)

VACA XOVEN CAMPIONA FEIRADEZA

3ª) Berdon September Shakira (Berdon - Lalin)

Mellor Ubre Sección

Vacas en lactación de 31 a 36 meses

1ª) Tasil Six Seda (Silva - Dozón)

VACA Xoven Subcampiona FEIRADEZA e Mellor Ubre Sección

Vacas en lactación de 3 anos

1ª) Alizee Champion 6370 (Blanco - Lalin)

VACA INTERMEDIA CAMPIONA e VACA GRAN CAMPIONA FEIRADEZA. Mellor Ubre Sección

2ª) Kinteiro Dancer Danza (Kinteiro - Lalin)

VACA Intermedia Subcampiona FEIRADEZA

Vacas en Lactación de 4 anos

1ª) Berdon Louro Mimosa (Berdon - Lalín)

Mellor Ubre Sección

Vacas en Lactación de 5 anos

1ª) Ugibsa 2468 (Blanco - Lalín)

VACA Adulta Subcampiona FEIRADEZA e Mellor Ubre Sección

Vacas en Lactación de mais de 6 anos

1ª) Rita 480 1480 (Blanco - Lalin)

VACA ADULTA CAMPIONA FEIRADEZA e Mellor Ubre Sección

Mellor Criador Feiradeza

1º) BERDON (Botos - Lalin)

2º) KINTEIRO (Bermes - Lalin)

Mellor Rabaño Feiradeza

1º) BLANCO (Pardesoas - Lalin)

2º) SAT CARBALLEIRAS (Goias - Lalin)



ALIZEE CHAMPION 6370 -VACA GRAN CAMPIONA

CONCURSO XOVENES MANEXADORES FEIRADEZA 2009

SECCION 1 - XOVENES MENORES DE 10 ANOS

Fátima Míguez Miguens

Rubén Taboada Silva

Avelino Souto Rozados

Iago Pereiro Troitiño

Alejandro Gañete Vidal

SECCION 2 - XOVENES ENTRE 10 E 15 ANOS

1º) Maria Manteiga Rodríguez

2º) Rocío Manteiga Rodríguez

3º) Lucía Gañete Vidal

Resultados II Poxa Feiradeza

21 de marzo de 2008 - Recinto Feiral de Lalin

Organizado por: Africor-Pontevedra

Animais presentados: 10 ; animais vendidos: 10

Femias	Prezo €
SANTOME LANDOI ILDA	950 €
MOURISCADE LAUDAN LAURA	2.300 €
MOURISCADE MIRA 0519	2.300 €
DOBALO FONTANS FLORENTINA	2.400 €
BOS GIVENCHY SINDY ET	2.100 €
BOS MAGICAL ALDARA ET	2.350 €
SANTOME LANDOI ILDA	2.000 €
PREZO MEDIO FEMIAS	2.057 €

Machos

BOS MOURISCADE TALENT MALPI	650 €
OS AMERICANOS BAXTER TABASC	550 €
OS AMERICANOS DAXTER BASTIO	750 €
PREZO MEDIO MACHOS	650 €

TOTAL 16.350 €



CXG

2nd Junior Show di Montichiari

O pasado mes de Febreiro celebrouse o **8º European Holstein Show 2009 en Montichiari** (Italia) e paralelo a él tuvo lugar tamén o **“Junior Show 2009”**. Nel estiveron presentes 5 xóvenes españois, 2 deles galegos.

Como grupo español e na proba de calificación por tipo quedaron colocados en 2º lugar tras un empate co grupo de Parma.

Na competición de pelado e na categoría senior, quedou no 4º lugar Manuel Peteira seguido de Iván Ferreiros.

Na clasificación xeral quedaron:

1ª categoría: Con becerras de 6 a 9 meses

4º clasificado: **D. Manuel Peteira Fernández** coa becerria MIL.A. (Icefyre x Leader x Progress)

2ª categoría: Con becerras de 9 a 12 meses

2º clasificado: **D. Iván Ferreiros Señor** coa becerria MIL.A. Roy Sara (Roy x Rubens x Gondon)

A nosa noraboa ós nosos amigos Manuel e Iván, así como ó resto de compañeiros participantes.



e logo ti..., aínda non eres socio?



Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia Solicitud de alta

Dn./Dna. Data Nacemento/...../.....
 NIF Cód. Gandería G- (só ganderías de alta no Libro Xenealóxico)
 Enderezo Nº Poboación
 C. Postal Provincia Tfno.

SOLICITA a súa admisión como membro do **Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia**, comprometéndose a acatar os seus estatutos, cumprir cos acordos dos seus órganos de goberno e facer efectivas as cotas que, para o financiamento do clube, estableza a Asemblea Xeral.

En a de de 20.....
 Sinatura,

Datos para domiciliación a partir do 2º ano

ENTIDADE			SUCURSAL			D.C.			NÚMERO DE CONTA											

PARA QUE SEXA ADMITIDA A PRESENTE SOLICITUDE ADXUNTO Á MESMA:

Fotocopia do DNI. No caso de menores de idade axuntarse a copia do DNI de quen autoriza e tamén o do menor (senón posúe DNI, copia do Libro de Familia).

Xustificante de transferencia ou ingreso na conta bancaria nº: 3070-0035-29-6047622524 a favor do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, indicando como concepto o nome e apelidos do membro.

Menores de 14 anos: cota de alta (20€) + cota anual (30€) = 50€ / **14 anos ou máis:** cota de alta (20€) + cota anual (60€) = 80€

En caso de menores de idade,

Dn./Dna..... NIF
 Enderezo Tfno.....

Como **pai/nai/titor** (risque o que non proceda) de Dn./Dna.
 solicita a súa inscrición no Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia responsabilizándose do cumprimento dos compromisos e obrigas que deste feito se derivan.

E para que conste onde proceda, asino a presente solicitude

En a de de 20.....
 Sinatura,

Tallas Polo (marca a túa)

- T-8 (8 anos) S (14 anos) XL
- T-10 (10 anos) M XXL
- T-12 (12 anos) L

<i>a cumprimentar polo Clube</i>	
SOCIO Nº	
MEMBRO.....	

Con arreglo ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro (BOE Do 14-12-1999), de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmaselle de que os seus datos persoais serán incluídos no Ficheiro da Federación Frisona Galega. Respecto a eles, poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei, dirixíndose por escrito á Federación Frisona Galega, Rúa Melide, 25-27 Baixo, 15704 Santiago (A Coruña).

próximas poxas de frisón

As poxas de Gando Frisón Selecto que estamos a organizar dende as nosas Asociacións ofrecen:

Ó vendedor...

un cauce ideal para comercializar a súa recría.

Ó comprador...

a seguridade de mercar animais que reúnen tódalas garantías xenealóxicas e sanitarias esixibles.

Se estás interesado, non esquezas as seguintes datas:

4 de Abril	XI Poxa en Santa Comba
26 de Abril	Poxa en Monterroso
2 de Maio	XIII Subhasta Top-Bos en Bergondo
6 de Xuño	Poxa en Castro Ribeiras do Lea
25 de Outubro	Poxa en Chantada
7 de Novembro	Poxa en Castro Ribeiras do Lea
15 de Novembro	III Poxa en Mazaricos
13 de Decembro	Poxa en Monterroso

**¡¡¡Compra con confianza,
a túa propia Asociación vela polos teus intereses!!!**

axenda 09

4 e 5 Abril XXIII CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '09

9-10 Maio II CONCURSO DE CRIADORES en Sarria - Lugo

10-14 Xuño 32ª EDICIÓN FERIA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA

XVIII CONCURSO AUTONOMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '09

XXV CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES MEMORIAL LUIS LOUZAO '09

2 ao 5 Outubro EXPOLUGO

24-25 Outubro XVIII CONCURSO DE GANDO FRISÓN CHANTADA '09 en Chantada - Lugo

XENÉTICA PROPIA PARA GANDO CON FUTURO



Bos Allen CUXA ET



Bos Convincer GYPSY



Mantoño DUNO



Bos James CHAMOSO



Mario XACOBEO



XACOBEO
Nº 1 de España

- EMBRIÓN
- XOVENCAS
- TOUROS NOVOS
- FAMILIAS DE VACAS
- SEMENTAIS PROBADOS

MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89
 +1.411 Qg.L. ESTATURA: +3,05
 +39 Qg.PROT. ANGULOSIDADE: +2,60
 TIPO: +3,70 UBRE ANT.: +4,18
 UBRES: + 3,59 PROF. DO UBRE: +3,49
 PATAS: +2,47

NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando **Bos***

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200